

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DO ALUMNADO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN NOS GABINETES DE PRENSA DA XUNTA DE GALICIA

O secretario xeral de Medios, Pedro Francisco Rojo Otero, DECLARA:

- Que a Secretaría Xeral de Medios formalizou coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 30.09.2025.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade da Coruña nos Gabinetes de Prensa da Xunta de Galicia.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Considérase de interese a colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a Universidade da Coruña co fin de favorecer os contornos de formación práctica destinados ao seu alumnado da área de comunicación audiovisual, de cara a colaborar na mellora da súa formación académica mediante a realización de prácticas nos gabinetes de prensa da Xunta de Galicia.

A actividade obxecto desta axuda desenvólvese mediante o establecemento dun Plan de cooperación educativo entre a Secretaria Xeral de Medios e a Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña, mediante a acollida dun máximo de 1 estudante para a realización de prácticas de comunicación en Gabinetes de Prensa Institucional da Xunta de Galicia, durante os meses de xuño, xullo e agosto.

No contexto actual, considérase axeitado establecer esta colaboración coa Universidade da Coruña co fin de apoiar a formación práctica do alumnado no ámbito da comunicación. Esta actuación permitirá a posta en valor dos coñecementos teóricos dos alumnos, mellorando a súa formación e as súas capacidades de aprendizaxe.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela (*asinado dixitalmente*)

